

A close-up, profile view of a brown cow's head. The cow has a single curved horn on its left side and a small ear tag on its right ear. The cow's fur is a rich brown color, and its eye is dark and looking towards the left. The background is a plain, light color.

**A natureza
na obra de
Manuel
María**

ANIMAIS
(varios)



GANDO

**O gando da Terra Chá é moi fermoso:
ollos grandes, corna levantada;
e pelo teixo, fino moi lustroso
e o paso lento cando fai a arada.**

**En todo o país non o hai mellor:
é manso, leiteiro e comedor.
¡A San Antón heino de ofrecer
pra que o conserve sempre de bon ver!**



(TERRA CHÁ, 1954)

A VACA

**A señora Vaca
traballa sen tasa,
mantén a súa cría
dá leite prá casa.**

**A señora Vaca
non dá descansado,
tira polo carro
e arrastra o arado.**


**A señora Vaca
-ten a cor teixa-
sofre en silencio
pro non se queixa.**

**A señora Vaca
vai do monte ao prado
e do prado ao curro
con ar resignado.**

**A señora Vaca
é humilde e mansa:
¡non sei que misterio
na súa ollada cansa!**

**¡Non sei que misterio
nos seus ollos quedos
que semellan feitos
de noites e medos!**

(OS SOÑOS NA GAIOLA, 1972)



O BOI

**En ti saúdo e recoñezo,
pesado boi solemne,
a forza do universo,
as sagras fontes puras
das enerxías aurorais.
Eras, ouh boi pai,
o pulo xerador,
o esforzo que facía
da terra unha matriz
paridora e ubérrima.
Ti, instinto macho
fecundante: semente,
nobre testa poderosa
de volcáns alporecidos
e lóstregos escuros.
Agora, manso boi, neste
mísero tempo do proveito,
eres: pel, graxa, sebo,
carne ruín de matadoiro.
¡Ouh boi, brado gastado:
en ti acato a un deus!**

(A LUZ RESUCITADA, 1984)



A XATA

**¡Como a casta se conoce!
Filla de vaca Marela.
¡O que come ben mo loce!
¡Non hai becerra como ela!**

**¡E que pelo está botando!
¡Esta xata non ten venda!
¡Mentres a vou criando
que San Antón ma defenda!**

(TERRA CHÁ, 1954)



O AÑO

Teño un año branco
como outro non hai,
¡Teño un año branco
que quedou sen nai!

Ven conmigo ao prado
e ao monte tamén,
a onde quer que eu vaia
el comigo ven...

Sempre ven comigo,
sen min non se afai.
¡Eu son seu amigo
que quedou sen nai!

El comigo brinca
e eu xogo con el.
¡Meu añiño branco,
meu amigo fiel...!

El comigo xoga:
¡moi mansiño é!
E sei o que fala
cando dice: ¡meé!

(OS SOÑOS NA GAIOLA, 1972)



PORCOS DA CEBA

**Eran ranchos da boa lei.
Foron medrando, medrando.
¡Moito me escravicei
para os poder ir cebando!**

**Agora xa están cebados.
Hai que pensar en matar
porque xa van rematados
os nabos para os engrosar.**

**¡Teremos mañá os roxós
e haberá festa na casa!
¡Hai que cortar os xamós
e ir roxando na grasa!**

(TERRA CHÁ, 1954)



O MEU BURRIÑO

Arre, ¡corre,
meu burro trotón,
meu burriño manso,
meu burriño bon!

-¡Corre meu burriño;
non gallopes, voa!
¡A ver si lle ganas
ao vento que zoa!

-¡Arre meu burriño,
non seas perguiceiro!
¡A ver si lle ganas
ao vento lixeiro...!

-¡Corre meu burriño,
nos cascos pon ás!
¡Si queres ao vento
deixarás atrás...!

-¡Arre, meu burriño!
¡Corre máis deprisa!
¡Que si perde o vento
xa verás que risa...!

(OS SOÑOS NA GAIOLA, 1972)



CERVO

**Cervo en liberdade, luz e aire:
ábreste docemente como
unha raiola de lús enfeitizada
na terra carnal dos nosos soños
e fas sagrado ao bosque rumoroso.**

**A arboreda xentil que te coroa,
grave e lene –tal a brétema-
é a única alborada que pode
facer agromar do corazón
unha música pura e misteriosa.**

**Cervo que baixas con urxencia
a nidia limpidez da auga fría
para cumprir o rito de beber
as cores e os misterios da mañá.**

**Cervo, camelia tremelante,
marabilloso Outono en plenitude:
convérteste en espello,
salouco lonxano e esvaído,
lene melancolía vagorosa
e fulgor que cega: como o lóstrego.**



(A LUZ RESUCITADA, 1984)

CAN

**Enormísima lingua desconforme
para lamber humildemente
a rexa dura man de quen
te somete, doma e domestica.
¡Que lixeira tenrura xubilosa
te posúe cando andas a brincar
cos outros cás, lonxe
da rigorosa ollada vixiante
do dono que te manda e humilla!
¡Que arrepío ser can e asumilo!
Un can so ten auténtico o seu
ouveo fondo, longo e triste.
Can independente e vagamundo:
¡defende sempre, deica a morte,
a túa total e impagábel liberdade!**

(A LUZ RESUCITADA, 1984)



O CAN

**Teño un canciño moi bon,
teño un canciño rabeno.
¡É bonito e xoguetón
o meu canciño pequeno!**

**Teño un canciño xeitoso,
teño un canciño rabelo.
¡É un canciño fermoso
que mesmo dá xenio velo!**

**Teño un canciño moi vivo,
fillo do can do Xaneco.
¡Por ser criado cautivo
sempre lle din moito meco!**

**Vive connosco nun piso,
non se mete con ninguén.
¡o meu canciño petiso,
e meu canción de ben...!**

**Non é podenco de caza
o meu canciño “Luceiro”
¡Máis é cadelo de raza
e non un can de palleiro!**

(AS RÚAS DO VENTO CEIBE, 1979)



POEMA A UN CAN DE PALLEIRO

Ti, humilde can de palleiro, amigo meu:
sabes ben
que toda quietude é perfección.

¿Qué senso ten a túa nugalla?

¿Cantas lúas docísimas morreron
no fondo canso dos teus ollos?
¡Que aldraxe tan fondo sintes
polos cás de caza, teus irmaos!

...

Amo, can de palleiro, a túa nugalla,
a túa humildade,
a túa tristeza.

E o teu laio fondísimo
na miña alma ecoa longamente.

(MAR MAIOR, 1963)



LOBO

**Sagro arrepío, ouveo estarrecente,
lonxanísima sombra,
medo ancestral e fantasmal,
ser dun mundo misterioso
que as xentes do común
non ousamos ollar face a face
porque o descoñecido danos
medo
e sementa en nós desasosegos.
Ti, lobo, non acatas
máis lei que o teu instinto:
impós a soberanía da túa forza,
defendes a túa agreste liberdade
e non comprendes a vileza
da bala que te fire e aniquila.**

(A LUZ RESUCITADA, 1984)



O LOBO

Ven o señor Lobo
-Que medo, neniño!-
Polo monte abaixo
¡e asusta o camiño!

Trae lume nos ollo;
Nos dentes coitelo
Tan ben afiados
¡que dá medo velos!

¡Que dá medo velos;
Arrepíos ollalos...!
¡Ven o señor lobo
Con instintos malos!

Anda paseniño
Con pasos calados.
Años e ovellas:
¿estarán gardados?

Ven o señor Lobo
Con paso seguro:
¡a luz dos seus ollos
Fura no escuro!

Escóitase lonxe,
Perdido entre matos,
No fondo do monte,
oular de lobatos.

Chega o señor Lobo.
A súa ollada fría:
¡pon os pelos dereitos,
o sangue arrepía...!

O sangue arrepía,
O corazón xea:
¡está o señor Lobo
Venteando a aldea!

(OS SOÑOS NA GAIOLA, 1972)



«Iberian Wolf AdF 001» de Arturo de Frias Marques -

RAPOSO

Tés moitísimos nomes para que os homes,
terras e cousas non te recoñezan,
jauh cinza que corres presurosa,
un intre só, diante os nosos ollos!
Mais, pese á túa capacidade
á túa arte sutil e requintada
para a malicia, o engano e o disimulo,
deixas, detrás de ti, un rastro,
un longo ronsel mesto
de fedorento cheirume que alcatrea:
é o teu testemuxo fiel e verdadeiro.
Raposo pillabán e perseguido
ise soubera, como ti, mil mañas
para fuxir moi lonxe de min mesmo!

(A LUZ RESUCITADA, 1984)



GATO

**Elegante e estraño ser
desconfiado:**

**non te entregas nunca
endexamais.**

**No máis fondo de ti gardas
un pequeno pozo de egoísmo:
cintílache nas pálpebras
e na lumieira dura dos teus
ollos.**

**Gosto, pese a todo, de
agarimar
a túa pel tépeda de seda
e ao mesmo tempo fría como
o xelo.**

**Termo as túas unllas agresivas.
E admiro a túa rapidez de
lóstrego
cando foxes co rabo levantado
como erguida bandeira
victoriosa.**

(A LUZ RESUCITADA, 1984)



SEÑOR GATO

Señor Gato:
atención;
no rincón
hai un burato;
no burato
está o rato
caladiño,
sen falar
nin respirar.

-Señor Gato,
pon sentido
que metido
no burato
está o rato.

-Señor Gato:
está o rato
no burato
do rincón:
¡ten nun puño
o corazón!

-E non dudo,
Señor Gato
bigotudo
que está o rato
no burato.
Ten as unllas
afiadas,
cravuñadas,
preparadas:
bule axiña
que senón
Señor Gato
bigotón,
¡do burato
fuxe o rato!

(OS SOÑOS NA
GAIOLA, 1972)



O GATO MIMÍ

" Fiz era un neno de sete ou oito anos. Vivía con seus pais nunha casa das aforas da vila. Unha casa xeitosa que tiña, na súa parte traseira, un xardín moi ben coidado. Tanto Fiz coma seus pais eran moi amantes de todos os seres vivos dende os bichocos máis pequenos, árbores e plantas ata os animais máis grandes e as persoas. Sabían que o amor era a cousa máis fermosa e perfecta de canto hai no mundo.

...

E, para andar pola casa e tela limpa de ratos, trouxeron un gato ó que lle puxeron de nome Mimí. O gato Mimí era moi dado, manso e agarimoso. Tratábase dun gato precioso e moi murador ou cazador, que vén ser o mesmo. (...)

(CONTO: OS BIGOTES DE MIMÍ, 1992)



DONOSIÑA

Breve lóstrego, cecais
unha presa de terra,
montonciño de cinza
ao que un vento levián
pode esborrallar
nun nada e todo.
Eres a sorpresa,
o medo minúsculo,
os ollos que esculcan,
a leve gracia,
jauh donosiña súpeta,
raioliña que fuxe!

(A LUZ RESUCITADA, 1984)



A LEBRE

**Corre, lebre, corre lebre
e fuxe pró teu burato
onde te está agardando,
con impaciencia, o lebrato.**

**-Corre, lebre; lebre, corre
que te sigue o cazador
coa súa escopeta cargada
e o seu galgo corredor.**

**-Corre lebre; lebre corre
corre que te correrás,
ique si lle foxes ao galgo
do cazador librarás...!**

(OS SOÑOS NA GAIOLA, 1972)



TOUPA

**Toupa que furas no escuro e rabuñas,
garimosa e teimuda, a flor da terra,
habitando pequenos labirintos,
galerías
que levan a mínimos misterios,
casa de teu e mundo coñecido.
Máncate o sol e non resistes
a súa luz explosiva: un exceso,
para ti, de claridade e vida.
A túa pel lustrosa é noite pecha
como os teus ollos cegos e inúteis.
Toupa feita de terra só para a terra:
¿eres unha presa de terra camiñante,
usado soño, estrela do revés
ou será, cecais, a mesma terra...?**

(A LUZ RESUCITADA, 1984)



PEIXES

A large school of fish, likely salmon, swimming in clear blue water. The fish are seen from above, moving in various directions across the frame. The water is a deep blue color with some ripples and light reflections.

Peixes, fermosas aves que habitades
os xardís subacuáticos, as fragas
de corais, oucas e algas
e tendes o mar
para navegalo libre e totalmente:
¿Lembrades os mencedes de abril
e os amorosos solpores de outono
desangrándose en ouros melancólicos?
Quero andar con vós, saber de fluxos,
refluxos, mareas e correntes,
camiñar o voso país marabilloso,
ollar con calma as súas paisaxes
e espetalas no fondo dos meus ollos,
sentir o rumor dos ventos submariños
agarimando e torrando a miña pel.
E deprender o idioma que falades
para poder entender o voso canto.

(A LUZ RESUCITADA, 1984)

O GRILO

Cando o silencio é maneira
de cousa que non se nombra
canta o grilo na lareira
por entremedias da sombra.

(TERRA CHÁ, 1954)



O GRILO

O grilo canta no lar,
tamén canta na campía.
¡Canta co sol queimador
nas horas do meridía!

¡O grilo tan pequeniño
coas azas tan delicadas,
co seu traxe de cor moura
e as súas antenas delgadas!

Teño un grilo ceboleiro
que soio come leituga
e, para cantar e cantar,
¡si viras como madruga!

O meu grilo cantador
é mellor que o que tés ti:
¡cando o teu da dito “cri...”
o meu xa dixo “cricrí...”!

(OS SOÑOS NA GAIOLA, 1954)



VAGALUME

Meu pequeniño vagalume
verme verde:

ti soio contra a noite
vas polos vieiros
co teu nada de luz,
humilde e verdadeira,
¡faísca dun ensoño
a penas po de estrela!

(A LUZ RESUCITADA, 1984)



BOLBORETA

**Bolboreta: vas, vés, volves
a ir e volves a fuxir
voando en círculo, indo
vindo, voando de novo
e outra vez revoando
nun espacio reducido,
sempre arredor da luz
que te acena e chama
con fulgor irresistible,
coa súa chama mortal
que te aniquila,
ioun pequena, delicada,
fráxil bolboreta voadora:
don, oferenda, mensaxeira
do deus dos intres fuxidío!**

(A LUZ RESUCITADA, 1984)



BOLBORETA

**Raio de luz, bolboreta
que voas de flor en flor:
¡non che me engada teu vó,
que me engada túa color!**

**¡Non che me engada teu vó,
nin teu ar de soñadora!
¡A gracia da túa color
é o que a min me namora!**

**¡Engádame a túa color,
mezcla de noite e aurora,
as túas antenas delgadas
e as túas azas voadoras!**

**Bolboreta, vidro feble,
que voas polo xardín:
¡semellas bolboretiña,
unha dona de postín...!**

(OS SOÑOS NA GAIOLA, 1954)



OS CAVALIÑOS DO DEMO

1

Cavaliño do demo
pinga de luz
cristalizada
en lene soño,
rumor do silencio,
calada semente
de paxaro,
asombro do azul
máis delicado,
pura nostalxia
irreprimíbel
salouco de orballo.

...

5

Máxica, irisada transparencia
asombrando e agarimando
ao ar que te ten e te sostén.
Pinga de luz na luz,
mínimo latexo incendiando
de nidio amor ao universo.
Non te reflicte o río: es ti
quen espella, nos teus
lúcidos ollos alertados,
a transparencia da auga
que pasa envisa e fuxidía
arquivándote
no espello fiel da súa memoria.

(ORÁCULO PARA
CAVALIÑOS DO DEMO, 1986)



6

**Nunca tés acougo.
Afírmaste na vida
e habitas na auga,
no xunco,
na folla
e na espadana.
Es case irreal.
E non sei se vés
de nada
ou ao infindo vas.**

**(ORÁCULO PARA
CAVALIÑOS DO DEMO, 1986)**



CARACOL

Caracol, col, col;
caracol, caracoleiro:
¡pon os teus cornos ao sol
xa que es tan frioleiro!

Ao lombo levas a casa,
caracol, caracoleiro:
¡je deixas cintas de seda
engalanando o carreiro!

Caracol, col, col;
caracol, caracolón:
¡pon os teus cornos ao sol
ao sol os teus cornos pon!

(OS SOÑOS NA GAIOLA, 1954)



*Con este traballo queremos
facer unha humilde homenaxe
a quen tanto quixo e fixo por
poñer en valor este noso país.*

Manuel María Letras Galegas 2016

**Montaxe e fotos: Adela Leiro, Mon Daporta
Textos: Manuel María
Xaneiro 2016**

